



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico Itinerario de excelencia na demanda de innovación.

CONVOCATORIA: Curso monográfico Itinerario de excelencia na demanda de innovación

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 01/04/2022 - 08:00h ao 13/04/2022 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

AMPLIADO O PRAZO DE INSCRICIÓN ATA O DÍA 13 DE ABRIL, ás 23:55 horas!!

A contratación é un factor esencial na racionalización do gasto público e un elemento vertebrador da simplificación administrativa. Neste ámbito, a compra pública innovadora (CPI) constitúe un instrumento de fomento da innovación orientada a potenciar o desenvolvemento de novos mercados innovadores desde o lado da demanda. En tal sentido, a adquisición de bens, obras e servizos innovadores desempeña un papel clave na mellora da eficiencia, na calidade e na modernización dos servizos públicos e, ao mesmo tempo, pola relación que implica co sector privado, é un estímulo salientable para a innovación empresarial.

Desde estas premisas, pódense destacar como principais obxectivos do curso os seguintes:

- A formación e o perfeccionamento do persoal empregado público para poñer en práctica unha contratación pública que promova a innovación.
- A remoción dos obstáculos que impiden promover a innovación desde a demanda, capacitando o persoal público para preparar as licitacións de maneira que se incentive a presentación de ofertas que incorporen solucións innovadoras.
- O traballo con casos prácticos reais, para permitir unha formación experiencial.

DESTINATARIOS

O curso diríxese ao persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, que realice funcións relacionadas coa compra pública innovadora, que poida xustificar debidamente que as súas funcións están relacionadas coa materia impartida e que se encadre nalgunha das seguintes categorías:

- a) Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- b) Grupos I e II do persoal laboral.

No caso de non cubrirse a totalidade das prazas convocadas, as vacantes que resulten poderán ser cubertas por persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración local galega, que realice funcións relacionadas coa compra pública innovadora e que se encadre nalgunha das seguintes categorías:

- a) Grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- b) Grupos I e II do persoal laboral.

PROGRAMA

Os contidos deste curso están estruturados nos seguintes módulos:

Modulo 1: Inmersión na compra pública innovadora (CPI) e a innovación pública aberta.

- Proceso de innovación no sector público: bottom-up e top-down.
- Elementos clave e factores críticos do proceso de xestión da innovación.
- A visión do cidadán dentro do proceso de xestión da innovación.
- Boas prácticas e casos de éxito.
- Ferramentas de innovación pública aberta.

Módulo 2: Entendemento do proceso de compra pública innovadora.

- As políticas de innovación e a compra pública innovadora (CPI).
- Fases do proceso de compra pública innovadora (CPI): planificación, xestión e avaliación.
- Elementos facilitadores e inhibidores que impactan no deseño dun sistema de compra pública innovadora (CPI).
- Beneficios para os compradores, as entidades proveedoras e a sociedade.
- Boas prácticas e casos de éxito nas diferentes fases do proceso de CPI.

Módulo 3: Identificación de retos na compra pública innovadora.

- Proceso de identificación de necesidades e aplicación de criterios de priorización de retos para procesos de compra pública innovadora (CPI).
- Profundización e análise do problema do reto identificado e priorizado. Metodoloxías de análises de problemas.
- Taller de identificación de retos de CPI.

Módulo 4: Creando proxectos de compra pública innovadora (CPI).

- Fontes de financiamento para CPI.
- Aspectos clave para a elaboración de proposta de proxectos a presentar para obter financiamento do programa Fomento da innovación desde a demanda (FID) do Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN).
- Instrumentos de financiamento nacionais e internacionais da compra pública innovadora (CPI).

Módulo 5: Xestionando proxectos de compra pública innovadora (CPI).

- Cambios que se producen nos procesos da organización froito da implementación dun proceso de compra pública innovadora (CPI).
- Como organizar as consultas ao mercado paso a paso.
- Elaboración de pregos funcionais para procesos de CPI en diferentes procedementos: CPP, CPTI (Licitación con negociación, diálogo competitivo), asociación para a innovación.
- Ciclo de vida dun produto ou servizo CPI.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A admisión levarase a cabo de acordo cos criterios indicados na base cuarta da convocatoria (persoas destinatarias). A orde de admisión virá determinada pola data e a hora de inscrición.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Antes de formalizaren a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos nas bases cuarta e oitava da convocatoria.

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Régime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en «nome do curso»: Curso monográfico Itinerario de excelencia na demanda de innovación.

Poderase obter calquera outra información a través do correo electrónico novas.egap@xunta.gal ou, desde as 8.30 ata as 14.30 horas, nos teléfonos 981 54 62 39 e 981 54 62 41.

3. DATOS EDICIÓN

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 19/04/2022 a 27/04/2022

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN

SALON DE ACTOS: O día 19 de abril de 16:30 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 5: Os días 20, 21, 26 e 27 de abril de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 6: Os días 20, 21, 26 e 27 de abril de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA